

CONVENIO DE COLABORACIÓN Nº 2687 ENTRE O INSTITUTO MUNICIPAL DOS DEPORTES DE VIGO E O A UNIDADE ASISTENCIAL A DROGODEPENDENTES POLA UTILIZACIÓN DA INSTALACIÓN MUNICIPAL DAS TRAVESAS PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE A.F. VINCULADO ÁS NECESIDADES ESPECIAIS DO COLECTIVO.

Dunha parte D. Abel Caballero Álvarez, Alcalde do Concello de Vigo.

Doutra parte Dna. Isaura Abelairas Rodríguez, como Concejala de Políticas de Benestar.

MANIFESTAN QUE

O Concello de Vigo, a través da súa Concellería de deportes e do Instituto Municipal dos Deportes, ten entre os seus obxectivos, colaborar coa dinamización das actividades vinculadas á actividade física e deportiva en calquera das súas manifestacións ou vertentes, entre as que se atopan as do ámbito educativo e formativo, e o desenvolvemento de programas vinculados a colectivos cunhas necesidades especiais.

A Unidade Asistencial a Drogodependentes, ten entre os seus fins, a prestación de programas de tratamentos específicos para drogodependentes, a coordinación con outras entidades, institucións e administracións para a asistencia de emerxencias sociais e de procesos de incorporación social de drogodependentes, a actividade sobre o medio para coñecer, motivar ao tratamento e reducir o dano en colectivos de consumidores axeos á rede asistencial, ou a participación en niveis de coordinación e organización no noso ámbito local e autonómico

A Unidade Asistencial a Drogodependentes, desenvolve a súa labor nas súas instalacións, ubicadas na rúa Pintor Colmeiro, 9. Esta unidade non dispón do espazo suficiente, necesario e axeitado para o desenvolvemento dos programas vinculados á Actividade Física necesaria para o colectivo.

Po outra banda, a Ordenanza Nº 52, Reguladora de prezos públicos pola utilización das instalacións deportivas municipais pertencentes ó IMD, no seu artigo 6, apartado c), establece que *"as actividades deportivas organizadas polo propio IMD e pola Concellería de Deportes, ben directamente ou a través de convenios de colaboración con outras institucións ou entidades (Persoas físicas ou xurídicas) coa autorización expresa do Presidente do Consello de Administración do IMD condicionada á ratificación definitiva polo devandito Consello de Administración"*

As actuacións de colaboración entre administracións no eido do deporte e a A.F. vinculada ó desenvolvemento de programas orientados a colectivos con determinadas necesidades especiais pode contribuir a consolidar hábitos de vida saudable, a incrementar os niveis de autonomía destas persoas, a mellorar a condición física destes colectivos da cidade e a mellorar as condicións nas que se desenvolven as actividades docentes e no ámbito deportivo.

Polo cal procédese asinar un convenio de colaboración que rexiráse polas seguintes cláusulas,

CLAÚSULAS

1. Este convenio establécese como marco de entendemento e colaboración mutua que permita desenvolver o programa de Actividade física da Unidade Asistencial a Drogodependentes nas instalacións Municipais das Travesas, concretamente no Campo de Fútbol e/ou pavillón do Carme dependendo da climatoloxía e dispoñibilidade.
2. A Unidade Asistencial a Drogodependentes, en base ó artigo 6, letra c), da ordenanza Nº 52, Reguladora de prezos públicos pola utilización das instalacións deportivas municipais pertencentes ó IMD, estará exento de abonar o prezo público correspondente a utilización da instalación obxecto do presente convenio, e que ascende ó importe de 2.922,85 €.
3. A Unidade Asistencial a Drogodependentes, comprométese a desenvolver o programa de A.F. nas condicións establecidas no presente convenio, nas Instalacións Municipais das Travesas, nos horarios e datas establecidos no texto do convenio.
4. A Unidade Asistencial a Drogodependentes presentará, á sinatura do convenio o programa a desenvolver en cada franxa horaria.
5. A Unidade Asistencial a Drogodependentes é a responsable do desenvolvemento das actividades na instalación Municipal, debendo estar presente na instalación en todo momento o responsable das mesmas.
6. A Unidade Asistencial a Drogodependentes comunicará ó IMD con antelación suficiente calquera cancelación ou alteración nos horarios das actividades.
7. O IMD non terá ningunha responsabilidade co calquera incidente que poidera resultar derivado do desenvolvemento do programa de actividade.
8. A Unidade Asistencial a Drogodependentes presentará, previa á sinatura do convenio, unha póliza de responsabilidade que garante as coberturas suficientes ós participantes na actividade, e ós posibles danos que a actividade poidera causar no patrimonio Municipal.
9. As persoas que participen na actividade na instalación, será exclusivamente os vinculados ó programa de A.F. do centro, non estando permitido ningún outro uso que non sexa o desenvolvemento do programa de A.F obxecto do presente convenio.
10. Os e as participantes no programa accederán á instalación precedidos polo responsable da di mesmo, non estando permitido o acceso dos participantes en caso contrario. Da mesma forma, o responsable será a última persoa en abandonar a instalación, asegurándose de que ningún participante do programa queda na instalación.
11. O Instituto Municipal Dos Deportes de Vigo, aportará o espazo para o desenvolvemento do programa.

12. O IMD resérvase a posibilidade de dispoñer da instalación por cuestións de programación. Neste caso se avisará por escrito á entidade, debendo ésta cancelar a actividade na instalación Municipal.

13. A vixencia deste convenio é para as citadas actividades nos seguintes horarios para o período 2014-2015 (dende o 1 de setembro ao 31 de xuño de 2015):


Martes e xoves	10,00h a 13,30h
Sábados	Según horario competición

14. O Convenio deberá renovarse tempada a tempada previa solicitude da Unidade, nas datas establecidas na normativa do IMD.

15. O Presidente do IMD queda facultado para resolver calquera dúbida ou litixio que puidera derivarse do desenvolvemento deste convenio.


Como proba da conformidade asinan en Vigo o presente convenio por triplicado, o día 14 de outubro de 2014

O Alcalde de Vigo




Asdo. Abel Caballero Álvarez

A Concejala de Políticas de Benestar



Asdo. Isaura Abelairas Rodríguez

A Secretaria da Xunta Rectora do IMD



Asdo. Concepción Campos Acuña

